

INFORME DE SEGUIMIENTO

Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados

Curso Académico: Curso 2021-2022

Datos da universidade e do título obxecto do seguimento

■ Cumprimento do proxecto establecido

- Dimensión 1. A xestión do título
 - Criterio 1. Organización e desenvolvemento
 - Criterio 2. Información e transparencia
 - Criterio 3. Sistema de garantía de calidade
- Dimensión 2. Recursos humanos
 - Criterio 4. Recursos Humanos
 - Criterio 5. Recursos materiais e servizos
- Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
 - Criterio 6. Resultados da aprendizaxe
 - Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento

■ Listaxe de evidencias e indicadores

■ Modificacións do plan de estudos

■ Plan de Melloras

- Criterio 1 - Organización e desenvolvemento
 - AM1

<u>1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO O BXECTO DE SEGUIMENTO</u>	
Denominación do título	Máster Universitario en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados
Mencións/Especialidades	Especialidade Clínica Especialidade de
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela.
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s	----
Centro responsable	Facultade de Enfermería
Centro/s onde impártese	Facultade de Enfermería
Rama de coñecemento	Ciencias da Saúde
Número de créditos	60 ECTS
Profesión regulada	-----
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2009/2010
Data acreditación ex ante (verificación)	03/03/2009
Data acreditación	11/03/2015
Data renovación acreditación	19/07/2019

CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO
<p>CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:</p> <p>Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.</p> <p>Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se realizou conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.</p>
<p>1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.</p>
<p>Aspectos a valorar:</p> <ul style="list-style-type: none"> O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, non seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

1.1.1. O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada. Reflexión/comentarios que xustifican a valoración:

Consideramos que o perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado en base aos seguintes aspectos:

A) Actualización no ámbito académico, científico e profesional:

Actualización do plan de estudos

-O plan de estudos foi actualizado no curso 2015/2016 e en data 19/07/2019 e renovouse a súa acreditación.

- Na actualidade, coa intención de actualizar novamente o título de máster, estamos inmersos en un procedemento de modificación co obxectivo de: (a) formar profesionais capaces de dar resposta ás necesidades de atención sanitaria actual e dos próximos anos; (b) seguir as recomendacións dadas pola comisión avaliadora da reacreditación: Criterio 1. Organización e desenvolvemento. Recomendacións” (**Acción de Mellora AM1 do curso 2020-2021**).

-Non obstante, seguindo a mesma práctica que en cursos anteriores (dispoñible nos informes de seguimento previos e no “Informe de avaliación para a renovación da acreditación (2019)”, no curso 2020-2021 realizouse unha actualización dos contidos das materias do módulo común e das incluías nas respectivas especialidades. Sirvan como exemplo, a actualización nos ámbitos de investigación (líneas prioritarias, etc.), da estadística (aplicacións no ámbito das ciencias da saúde, etc.), do dereito e a bioética (actualización na lexislación nacional e internacional, a ética na investigación sanitaria, etc.), os protocolos en pacientes críticos, nas urxencias e emerxencias ou na xestión e a calidade asistencial, entre outros aspectos¹⁻¹⁶

¹ NICE - Public Health Guidance | Department of Health. Dispoñible en: <https://www.gov.uk/government/organisations/national-institute-for-clinical-excellence>

² NICE - handbooks and clinical guidelines. Department of Health. Dispoñible en: <https://www.nursingpractice.com/nice/>.

³ OECD. Delivering Quality Education and Health Care to All Preparing Regions for Demographic Change. Publicado 5/03/2021. Dispoñible en: <https://www.oecd.org/regional/rural-development/delivering-quality-education-and-health-care-to-all-83025c02-en.htm>

⁴ World Health Organization. Quality of care. Actualización: 2021. Dispoñible en: https://www.who.int/health-topics/quality-of-care#tab=tab_1.

⁵ Health workers and administrators. En: Coronavirus disease (COVID-19) pandemic. Organización mundial da saúde. Dispoñible en: <https://www.who.int/teams/risk-communication/health-workers-and-administrators>.

⁶ Global research on coronavirus disease. En: Coronavirus disease (COVID-19) pandemic. Organización mundial da saúde. Dispoñible en: <https://www.who.int/emergencies/diseases/novel-coronavirus-2019>.

⁷ World Health Organization. Quality of care. Actualización: 2021. Dispoñible en: https://www.who.int/health-topics/quality-of-care#tab=tab_1. ⁸ COVID-19 Supply Chain System. En: Coronavirus disease (COVID-19) pandemic. Organización mundial da saúde. Dispoñible en: <https://www.who.int/emergencies/diseases/novel-coronavirus-2019/covid-19-operations>.

⁹ COVID-19 Science and Research. Centers for Disease Control and Prevention. Dispoñible en: <https://www.cdc.gov/coronavirus/2019-ncov/science/science-and-research.html>

¹⁰ Infection Control Guidance for Healthcare Professionals about Coronavirus (COVID-19). Centers for Disease Control and Prevention. Dispoñible en: <https://www.cdc.gov/coronavirus/2019-ncov/hcp/infection-control.html>.

¹¹ Enfermedade polo novo coronavirus, Covid-19. Ministerio de Sanidade e Consumo. Goberno de España. Dispoñible en: <https://www.mscbs.gob.es/profesionais/saludPublica/ccayes/alertasActual/nCov/home.htm>.

¹² Ministerio de Sanidade e Consumo. Goberno de España. Dispoñible en: Centro de coordinación de alertas e emerxencias sanitarias (CCAES). Dispoñible en: <https://www.mscbs.gob.es/profesionais/saludPublica/ccayes/home.htm>.

¹³ Enfermedade polo novo coronavirus, Covid-19. Servizo Galego de Saúde (SERGAS). Consellería de Sanidade. Xunta de Galicia. Dispoñible en: <https://www.sergas.es/Saude-publica/Novo-coronavirus-2019-ncov?idioma=e>.

¹⁴ Páxina web do Coronavirus. Servizo Galego de Saúde (SERGAS). Consellería de Sanidade. Xunta de Galicia. Dispoñible en: <https://coronavirus.sergas.es>

¹⁵ Afrontar o coronavirus (COVID-19). Organisation for Economic Co-operation and Development (OECD). Dispoñible en: <https://www.oecd.org/coronavirus/es/>

¹⁶ European Centre for Disease Prevention and Control. [DEPRECATED] Datos do coronavirus da enfermidade de COVID-19. Dispoñible en: <https://data.europa.eu/data/datasets/covid-19-coronavirus-data?locale=es>.

B) Interese académico, científico e profesional do título en base as salidas profesionais:

- No ámbito asistencial:
A utilidade da formación é recoñecida no informe para a renovación da acreditación. Por exemplo, indícase: "Sinaláronse as prácticas externas como un punto forte do máster e a alta valoración que delas fan estudantes e egresados" (Criterio 1. Organización e desenvolvemento. Recomendacións). Tamén é recoñecida polo Servizo Galego de Saúde (SERGAS) [ORDE de 27 de novembro de 2020 pola que se aproba e publica o Plan de continxencia en materia de recursos humanos (COVID-19) pactado na mesa sectorial de negociación do persoal estatutario]¹⁸, (Resolución de 13 de xuño de 2016, da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde)¹⁹.
- No ámbito da investigación:
 - Continúa o interese do alumnado polo acceso aos programas de doutoramento. Habitualmente o alumnado (2-4^a alumnos/as por curso académico) solicita a entrada nun programa de doutoramento no que figure o/a tutor/a do traballo fin de máster realizado no máster. Sirvan como exemplos programas Dos 15 programas seguintes: "Programa de Doutoramento en Investigación Clínica en Medicina", "Programa de Doutoramento en Epidemioloxía e Saúde Pública", "Programa de Doutoramento en Avances e Novas Estratexias en Ciencias Forenses", "Programa de Doutoramento en Investigación Clínica en Medicamento". Algún de estes programas recolle explicitamente na súa información que "Os estudos de Máster que permitirán o ingreso a este programa de doutoramento sen complementos de formación serán os seguintes, ofertados pola USC: Atención Sanitaria, Xestión e Coidados; Avogacía; Biotecnoloxía; Ciencias Odontolóxicas; Investigación Biomédica; Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos; Investigación en Medicamento e Sanidade Veterinaria; Química Avanzada; Química Orgánica"¹⁷.
 - Alumnado egresado forma parte de grupos de investigación de la USC.
- No ámbito docente:
Alumnado egresado, inicia a carreira docente como personal investigador predoctoral en formación o con contrato de acceso ao Sistema Español de Ciencia, Tecnología e Innovación²⁰.

C) Interese académico, científico e profesional do título do título tendo en conta a "Transición de Grao a Máster da mesma Universidade (porcentaxe de estudantes que ao finalizar un Grao comezan un Máster no curso inmediatamente posterior a da finalización do Grao)"

- **O indicador IN13M**²¹ "Porcentaxe de matriculados que son titulados da USC" foi de 48,28 no curso 2021-2022²⁰, que é lixeiramente inferior ao correspondente co curso 2020-2021 (58,54)²⁰. Non obstante mantense superior ao curso 2019-2020, no que foi de 40,54²⁰. Pode facerse un balance favorable deste indicador. Neste resultado pode influir a información que se ofrece ao alumnado durante terceiro e cuarto de grado de enfermería por parte da coordinadora do máster e dende a propia Facultade de Enfermería.
- **Si contrastamos os nosos datos cos datos dispoñibles do Ministerio de Universidades con respecto a este indicador**²²⁻²⁴
 - Para a comparación dos datos deben de terse en conta que os datos dispoñibles do Ministerio de Universidades publicados en 2021-2022 corresponden a corte cohorte de egresados no Grado no curso 2018-2019 que acceden a un Máster en 2019-2020.
 - Taxa de transición de Grado a Máster na propia universidade por tipo de universidade, na publicación 2021-2022, foi de 13,2% no caso das Universidades públicas presenciais. Si consideramos a rama de coñecemento de "Ciencias da Saude" foi de 5,6%.
 - Taxa de transición de grado a máster na propia Universidade nas Universidades públicas presenciais, na publicación 2019-2020, foi de 12,9%.
 - Podese comprobar que no caso do MASXC da USC cuadruplicanse e quintuplicase o valor deste indicador en comparación cos datos correspondentes ao Sistema Universitario Español (SUE) nas publicacións correspondentes a 2020-2021²² e 2019-2020²¹, respectivamente.
 - Si consideramos a rama de coñecemento "Ciencias da Saude", os valores do indicador no caso do MASXC é nonuple (2021-2022) e decuple (2020-2019) o existente nas Universidades públicas presenciais. Polo tanto, este indicador polo tanto este indicador é moi favorable no MASXC (Figura 1).

¹⁷ Oferta e admisión. Programa de Doutoramento en Avances e Novas Estratexias en Ciencias Forenses. Dispoñible en: <https://www.usc.gal/es/estudios/doutoramentos/ciencias-saude/programa-doutoramento-avances-estratexias-ciencias-forenses>.

¹⁸ ORDE de 27 de novembro de 2020 pola que se aproba e publica o Plan de continxencia en materia de recursos humanos (COVID-19) pactado na mesa sectorial de negociación do persoal estatutario. DOG número 242. martes 1 de decembro de 2020. Dispoñible en: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20201201/AnuncioC3K1-271120-0002_e.html

¹⁹ RESOLUCIÓN de 13 de xuño de 2016, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se dispón a publicación do pacto suscrito pola Administración sanitaria coas centrais sindicais CIG, CESM-Ou/MEGA, CC.OO., UXT e CSIF, sobre selección de persoal estatutario temporal do Sistema público de saúde de Galicia. DOG número Xoves 30 de xuño de 2016. Dispoñible en: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160630/AnuncioG0003-140616-0002_e.html.

²⁰ Instrución para regular a colaboración na docencia e titulación o cotitularización de TFG e TFM do persoal investigador e do persoal de administración e servizos da USC. Vicerrectoría de Investigación e Innovación. Vicerrectoría de Organización Académica. Universidade de Santiago de Compostela. 22/12/2021.

²¹ IN13M. Data de explotación 15/12/2022. Explotacións de indicadores. Aplicacions.usc.es. Área de Coidade e mellora de procedementos. Universidade de Santiago de Compostela.




Figura 1. Indicador 1N13M correspondente ao MASXC no marco temporal dos cursos 2016-2017 ata o curso 2020-2021. Amósase no recadro punteado o indicador correspondente ao cursos 2021-2022 comparando cos datos correspondentes a este indicador do SUE na publicación 2021-2022. Abreviaturas: MASXC, Master de Atención Sanitaria, Xestión e Coidados; SUE, Sistema Universitario Español. Elaboración propia M^a JNl. Fuente²¹⁻²⁴

D) Demanda de acceso ao título:

- **Mantense demanda elevada de acceso ao máster.** Os datos do curso 2021- 2022 que corresponden a última explotación con data 15/12/2021 amosan as seguintes cifras:
 - Media de expediente de acceso 8,08 (**IN06M**)²⁵.
 - Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis (**IN07M**)²⁶ 100%.
 - Prazas ofertadas 30 (**IN01M**).
 - Taxa de ocupación (**IN12M**)²⁷ 73,33%. É inferior ao do curso académico 2019-2020. Esta taxa presenta unha pequena variabilidade atendendo ao curso académico. Como xa comentamos en memorias anteriores, creemos que está condicionada polo grado de compatibilidade da actividade asistencial do alumnado cos horarios desenvolvidas do máster. Parte do alumnado despalzase dende outras localidades de toda a CCAA de Galicia e que desenvolven actividade asistencial ou de xestión, o que obriga a desplazarse ao finalizar a xornada laboral (3 da tarde) nos centros/hospitais correspondentes ata a Universidade de Santiago de Compostela, no que o MASXC impartese en horario de tarde. Creemos que a modalidade de impartición híbrida que se propón na modificación do título pode ser favorable para manter unha boa taxa de ocupación.
- **En liña cos cursos anteriores continua interese:**
 - **polas dúas especialidades do máster.**
 - **pola modalidade de continuidade de estudos** para facer a especialidade non cursada.
 - **por alumnado egresado da USC e de estudantes extranxeiros.** Neste último caso 2 alumnos/as de Cuba (coa titulación de Licenciado e Licenciada en Medicina).

²²Tabla de EDUCAbase Tasa de transición de Grado a Máster (estudiantes egresados) por tipo y modalidad de la universidad, ámbito de estudio y sexo. Indicadores de rendimiento académico y de transición a Máster de estudiantes de Grado. Resultados por comunidad autónoma. Anual. Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación digital. Gobierno de España. Disponible en: <https://datos.gob.es/es/catalogo/e05073401-indicadores-de-rendimiento-academico-de-estudiantes-de-grado-resultados-por-comunidad-autonoma-tasa-de-transicion-de-grado-a-master-estudiantes-egresados-por-tipo-y-modalidad-de-la-universidad-ambito-de-estudio-y-sexo>

²³6.1 Estudiantes de Máster. Transición de Grado a Máster. En: Datos e cifras do Sistema Universitario Español. Publicación 2020-2021. p.p.62. Disponible en: https://www.universidades.gob.es/stffs/universidades/Estadisticas/ficheros/Datos_y_Cifras_2020-21.pdf

²⁴ 6.1 Estudiantes de Máster. Transición de Grado a Máster. En: Datos y cifras del Sistema Universitario Español Publicación 2021-2022. P.p. 62 Ministerio de Universidades. Gobierno de España. N.I.P.O: 097-20-003-2.

²⁵IN6M- Nota media de acceso por preinscripción. Explotación de indicadores. Aplicacions.usc.es Área de Caidade e mellora de procedementos. Data Data de referencia da información: 15/12/2022

²⁶ IN07M. Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis. Explotación de indicadores. Aplicacions.usc.es Área de Caidade e mellora de procedementos. Data Data de referencia da información: 15/12/2022

²⁷IN12M-Taxa de ocupación. Número de estudantes de novo ingreso por preinscripción dividido entre as prazas ofertadas. Explotación de indicadores. Aplicacions.usc.es Área de Caidade e mellora de procedementos. Data Data de referencia da información: 15/12/2022

E) Oferta de másteres de Ciencias da Saúde da USC, SUE:

- A USC oferta 12 másteres en “Ciencias da Saúde” (dispoñible en: <https://www.usc.gal/gl/estudos/masteres>)
- O Número de mestrados impartidos no 2021-2022 en Universidades públicas do SUE, na rama de coñecemento “Ciencias da Saúde”, foi de 580²⁸.
- O número de plazas ofertado no 2021-2022 en Galicia en masteres de da rama de coñecemento “Ciencias da Saúde” foi de 506²⁸.
- Si consideramos CCAA próximas xeográficamente a oferta de plazas en os “Másteres de Ciencias da Saúde” foron²⁸:
 - Principado de Asturias: 186.
 - Cantabria: 205
 - País Vasco: 340.
 - Castilla e León: 745.

F) Demanda por alumnado extraxeiro

- No ámbito do “**Programa de Bolsas Excelencia Mocidade Exterior**” Este aspecto quedou recollido nas anteriores memorias. Estas bolsas teñen por Obxectivo: “Ofertar aos/as galegos/as universitarios/as residentes no estranxeiro, a posibilidade de adquirir unha especialización académica de máster nunha universidade galega, coa finalidade de que amplien a súa formación e adquiran competencias e habilidades que favoreza a súa inserción laboral e futuro profesional en Galicia e que a sociedade galega se enriqueza cos coñecementos e experiencias profesionais internacionais que acheguen estes/as galegos/as con formación universitaria”²⁹. Este tipo de bolsa inclúe másteres de 60 créditos e da área de Ciencias da Saúde e con carácter anual esta regulado pola Orde correspondente.

G) Inserción laboral

- Como xa se reflexa en memorias anteriores, O Servizo Galego de Saúde (SERGAS) continua a ser o principal demandante de egresados.
- Para a valoración da inserción laboral do alumnado do Máster de Atención Sanitaria, Xestión e Coidados (en adiante MASXC)teremos en conta os seguintes aspectos, que son recollidosde informes existentes na literatura (Figura 2):
 - **Factores vinculados a Universidade:** Oferta de titulacións oferta de titulacións con competencias que respondan ás necesidades³¹, rendemento das universidades no ámbito da docencia e da investigación³²
 - **Impacto obxectivo e subxectivo**³³: Nos másteres de “Cienias da Saúde” o impacto obxectivo na inserción laboral respecto ao traballo previo a obtención do título é inferior no ámbito das “Ciencias da saúde” en comparación coas “Ciencias Sociais” e as “Ingenierías” que son ámbitos con mellores indicadores laborales para os másteres. Según o impacto subxectivo (0-10) o máster ten unha repercusión favorable (Figura 2).
 - **Ter experiencias laborais antes do mestrado** mellora o inserción laboral posterior³².
 - **Factores alleos a Universidade:** Outros factores que tamén poden repercutir na probabilidade de atopar un emprego son³³:

a comunidade autónoma de residencia.

factores persoais (idade, etc.):

“As transformacións tecnolóxicas, organizativas e sociais, son moi relevantes, xa que teñen un forte impacto no traballo, as súas tarefas e cualificacións, sobre as relacións contractuais, as formas organizativas e as carreiras profesionais das persoas.....O desafío para os sistemas educativos, os individuos e a sociedade é como organizar a formación neste novo escenario.”³².

²⁸ 1.3. Oferta de Máster. Oferta Educativa Universitaria.En:Datos y Cifras del Sistema Universitario Español 2021-2022. Ministerio de Universidades. P.p.:15-16. e-NIPO: 097-20-003-2.

²⁹ Becas Excelencia Juventud Exterior (BEME). Xunta de Galicia.Disponible en: <https://emigracion.xunta.gal/es/actividad/linea-de-ayuda/programa-becas-excelencia-juventud-exterior-2021>.

³⁰ La inserción laboral de los titulados y tituladas de máster de las Universidades Catalanas 2020. Agencia para la Calidad del Sistema Universitario de Cataluña.2021.

³¹ ¿Qué pueden hacer las universidades para que sus titulados consigan más y mejor empleo?. Fundación BBVA.[publicado 30/02/2018].[Acceso 18/03/2023]. Dispoñinle en: <https://www.bbva.com/es/pueden-universidades-titulados-consigan-mas-mejor-empleo/>

³² U-Ranking 2020.Fundación BBVA-ivie. Nota de prensa. [publicado 30/06/2020].[Acceso 18/03/2023]. Dispoñinle en: https://www.u-ranking.es/pdf/NP_FBBVA-ivie-URanking2020-30062020.pdf

³³Aldás Manzano... [et al.] ; dirigido por Francisco Pérez García.. IITINERARIOS DE INSERCIÓN LABORAL Y FACTORES DETERMINANTES DE LA EMPLEABILIDAD. Formación universitaria versus entomo. 1.ª ed. - Bilbao : Fundación BBVA, 2018.ISBN: 978-84-92937-74-5




Figura 2. Inserción laboral. Amósanse os factores relacionados coa Universidade e aqueles que son alleos a mesma. Nas caixas obsérvase o impacto subxectivo (de 1-10) e obxectivo (%). Nos másteres de “Ciencias da Saúde”. Elaboración propia M^a JNI. Fonte ³⁰⁻³³

Unha vez expostos os datos anteriores podemos analizar os datos correspondentes ao MASXC ofrecidos polo “Datos de Inserción Laboral da ACSUG 2021-2022” ³⁵ a porcentaxe de titulados/as no máster que traballa na actualidade é do 84,2%. O tempo medio traballando dende a finalización do MASXC foi de 20,44 meses; correspondendo as porcentaxes en función do tempo traballado (en meses) o indicado na Taboá 1. Pode concluirse que o 83,3% traballou entre 1 e 3 anos, cun elevado porcentaxe que traballou entre 2 e 3 anos (44,4%). Polo tanto podería considerarse que son uns datos satisfactorios.

Taboá 1. Tempo en meses traballado dende que finaiizou o MASXC.

Menos de 6 meses	De 6 meses a 1 ano	De 1 a 2 anos	De 2 a 3 anos
5,6%	11,1%	38,9%	44,4%

Fonte:³⁴

³⁴Datos de Inserción Laboral da ACSUG 2021-2022.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

1.2.1 A oferta de módulos e de materias

Corresponden co establecido na memoria de verificación e da súa modificación.

No curso 2021-2022 propúxose a modificación do título para propiciar una oferta de módulos e de materias que mantengan o interese académico, profesional e investigador.

1.2.2. O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndense co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.

- **As actividades académicas desenvóléronse de acordo co calendario académico da USC.**
- **A metodoloxía docente, sistemas de avaliación e cualificación desenvolveuse segundo na memoria de verificación.**
- **Metodoloxía docente expositiva e interactiva.** Neste último caso, mediante debate, casos clínicos, simulación ou desenvolvemento de sesións en estudio profesional de televisión. En relación con este último exemplo cabe reseñar o esforzo e colaboración dos docentes da Facultade de Ciencias da Comunicación que na asignatura de “Enfermería e Comunicación” imparten docencia no MASXC.
- **No curso 2021-2022**, seguindo a liña citada en memorias de seguimento previas, realizouse o seguimento dos programas das materias, de cara a garantir un axuste real entre memoria e guías docentes.
- **En informes de seguimento** previos abriuse unha acción de mellora para corrixir algúns desaxustes nas guías docentes dalgúns materias. Aspecto que foi considerado positivo no informe da renovación da acreditación Así, empregase o mecanismo de seguimento xa recollido no autoinforme para a renovación da acreditación que consiste na revisión anual das guías docentes por parte de: profesorado das materias, coordinador/a da materia, coordinadora do mestrado, Departamentos con docencia asignada no mestrado (Departamento de Psiquiatría, Radioloxía, Saúde Pública, Enfermaría e Medicina; Departamento de Ciencias Forenses, Xinecolóxica e Obstetricia e Pediatría, Ciencias da Comunicación, Estadística e Investigación Operativa, etc.), Comisión do Título do máster, Facultade de Enfermaría da Universidade de Santiago de Compostela.
- **Tamaño dos grupos é adecuado para as actividades formativas e acadar as competencias (ver apartado re resultados). Establécense atendendo a:**
 - **O recollido Normativa de Planificación Académica Anual (NPAA)** segundo o tipo de docencia (expositiva, interactiva de seminarios ou de laboratorios) (Servizo de Xestión de a Oferta e Programación Académica) e no Plan de Organización Docente (POD).

- No caso de actividades vinculadas ao módulo común, como por exemplo metodoloxía da investigación, metodoloxía de enfermería, estatística aplicada, etc., subdividíronse en grupos de 2- 3 alumnos ou de 9-10 alumnos/as; dependendo da actividade.
- Para a simulación establécense estacións nas que se reproducen situacións de atención urxente, de coidado crítico ou en unidades de hospitalización en xestantes, recién nacido, adulto, etc.
- Realízase cun simulador SIMAN adquirido a cargo convenio entre a USC e a Xunta de Galicia para o desenvolvemento do máster, que foi promovido pola coordinadora do máster.
- grupo de alumnado que é de 15 alumnos/as para a docencia interactiva atendendo ao indicador IN32M³⁶ foi dividido en subgrupos de 5-7 alumnos/as. Os subgrupos rotan polas diferentes estacións e posteriormente conxuntamente analizan o debriefing.

1.2.4. Curso de adaptación

Non procede curso de adaptación

1.2.5. Mobilidade

Está condicionada por diferentes factores:

Duración do máster, características e distribución das materias non é factible a mobilidade.

³⁵Indicador IN32M. Media de alumnos por grupo de docencia interactiva. Data de explotación 15/12/2022. Explotacións de indicadores. Aplicacions.usc.es. Área de Caidade e mellora de procedementos.Universidade de Santiago de Compostela.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- Non caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/Universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- Non caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración.

- **No informe de renovación da acreditación indícase:** “O autoinforme presentado polo título ofrece información ampla sobre os mecanismos de coordinación, tanto horizontal como vertical, e inclúe unha acción de mellora neste sentido (AM-4)”.
- **Dende ese momento continuase mellorando os mecanismos de coordinación:**
 - **Mecanismos de comunicación**
 - A través do campus virtual:
 - dende “coordinación” mediante “anuncios” y “carpetas” o “foros”
 - dende as diferentes materias mediante “anuncios” y “carpetas”, “foros”
 - A través do correo electrónico.
 - A través de reunión programadas ou a demanda por teams cos docentes.
 - Grupos de “comunicación” con docentes de materias.
 - **Verificación de contidos mediante: reunións, revisión de programas, etc.**
 - **A través de información estable no campus virtual no apartado de “Coordinación máster” dirixida a docentes e alumnado:**
 - Presentación do master.
 - Calendario académico.
 - Oferta de liñas de investigación-Titor/a.
 - Información sobre Traballo Fin de Máster.
 - Oferta de prácticas externas.
 - Convocatorias.
 - Aclaracións de dúbidas.
 - etc.
 - **A coordinación horizontal e vertical das prácticas externas, foi modificada a raíz da entrada en vigor dun novo convenio (curso 2020-2021) entre o SERGAS e a USC, no que se recolle explicitamente o máster (ver Anexo 1 de esta memoria, páxinas 65-67).**
 - **Fase de oferta, elección y autorización:** O Servizo de Docencia da Axencia do Coñecemento e Innovación en Saúde (ACIS) (Consellería de Sanidade, Xunta de Galicia) solicita a oferta de prazas nos diferentes centros e unidades asistenciais do SERGAS na CCAA. Unha vez coñecida oferta publícase a mesma no Campus Virtual da USC conxuntamente coa convocatoria de elección do destino e período de prácticas. Posteriormente en sesión pública de elección do destino de prácticas. O criterio de orden de elección e a calificación de acceso ao máster. Na elección están presentes a coordinadora de prácticas, a coordinadora do máster e a secretaria de comisión do título. A elección realizase nos meses de outubro e novembro.

- Unha vez finalizado o período de matrícula. A continuación, publícase o listado provisional e o período de reclamacións, e posteriormente o definitivo. Dito listado é remitido ao ACIS. Corresponde ao ACIS autorizar as rotacións nas diferentes unidades/centros e períodos.
- **Periodo de prácticas:**
- Durante a realización das prácticas o alumnado é supervisado por colaboradores/as para a formación práctica na titulación. Unha vez finalizada a rotación de prácticas a avaliación é remitida a coordinadora de prácticas. Posteriormente, establece un período de revisión de calificacións.
- **Todo o curso académico:**
- A fines de coordinación existe comunicación entre a coordinadora de prácticas, coordinadora do mestrado e alumnado mediante diferentes procedementos (campus virtual e/ou do correo electrónico e de outros medios telemáticos).
- Comunicación entre ACIS e a coordinadora de prácticas e a coordinadora do mestrado a través do correo electrónico e de outros medios.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

1.4.1. Perfil de ingreso

- **Mantense a coherencia reflectida en informes previous entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do alumnado matriculado no título, que ten o título de Diplomado/a, Graduado/a ou ben dun título estranxeiro dunha institución de educación superior.**
- **Perfil:**
 - Dous alumnos/as extranxeiros tiñan a titulación de Licenciado/a Medicina
 - O alumnado restante tiña a titulación de Diplomatura ou Grado en Enfermería

1.4.2. Nota de acceso

- **No MASXC o acceso e por nota media de expediente académico.**
- **Mantense a tendencia a alza:**
 - A nota media de acceso ao máster no curso 2021-2022 foi 8,08 .
 - A nota de acceso en anos anteriores foi: 2019-2020= 7,95 ; 2018-2019=7,82; (IN06M)³⁶
- **O 100% do alumnado matriculado ten puntuación superior a 6 (IN07M) Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis³⁷**

1.4.3. Prazas ofertadas e demanda das mesmas

- **A oferta de prazas é de 30 segundo consta na memoria de verificación.**
- **Este número mantense co fin de manter a calidade da docencia impartida e dado que non cambian os factores que aconsellan dita oferta.**
- **Considérase que a demanda é boa /moi boa en base ao indicado no punto 1.1.3. de este informe de seguimento.**

1.4.4. Captación de estudantes.

Levase a cabo mediante:

- Captación de alumnado extraxeiro, **promovido polo Servizo de captación internacional e a Vicerectoria de Titulacións da USC.**
- **Capación de alumnado do Grado de Enfermería por diferentes medios:** a través da coordinadora do máster, de xornadas de información organizadas pola USC, etc..
- **Consideramos que os mecanismos de captación citados poden influir favorablemente en base a:**

Transición de Grao a Máster (IN13M “Porcentaxe de matriculados que son titulados da USC” no curso 2021-2022) foi 48,28% (ver apartado 1.1.1.).

Se comparamos estes datos cos que ofrece a conferencia de reitores do SUE veremos que no caso do MASXC duplica os correspondentes a media nas Universidades públicas presenciais no SUE 48,2% vs 29%³⁸.

Captación de estudantes do SUG e doutras CCAA. No curso 2020-2021 mantense a tendencia.

Oferta de másteres en “Ciencias da Saúde” da USC e do SUE (xa citada).

³⁶ IN06M. Nota media de acceso por preinscripción. Indicadores. Área de Calidade e Mellora de Procedementos. Universidade de Santiago de Compostela. Explotación 15/12/2021.

³⁷ IN07M-Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis. Área de Calidade e Mellora de Procedementos. Universidade de Santiago de Compostela. Explotación 15/12/2021..

³⁸ A Universidade en cifras. Conferencia de Reitores de Universidades de España (CRUE). 2018. Depósito legal M-3628-202. ISBN 978-84-09-18182-7

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas con a avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas por o estudante e as competencias a adquirir en o título. Impacto das mesmas en os resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- **Aplicanse a normativa establecida pola Universidade de Santiago de Compostela.** Sirvan como exemplo a normativa de permanencia, sistema de transferencia e recoñecemento de créditos, de avaliación, etc (disponible en: <https://www.usc.gal/es/normativa/>).
- No caso dos **TFM e das prácticas externas:** Axustase a normativa xeral da USC e da propia desenvolvida a partir da citada normativa xeral. Ademais do establecido no convenio de colaboración entre a USC e o SERGAS para o desenvolvemento das prácticas externas no SERGAS (Anexo 1).
- **Como xa se fai constar en memorias de seguimento previas, a raíz da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro,** de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais e a súa aplicación en relación cos TFM desenvolveuse unha acción de mellora non curso 2017-2018 (AM MAIS-2) dirixida a garantir ou cumprimento do regulamento ético-legal en relación aos traballos de investigación non ámbito de ciencias da saúde³⁹.
- **A normativa específica aplicada en relación co alumnado, profesorado, etc. recollese no ANEXO 2.**

³⁹Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais. Xefatura do Estado «BOE» núm. 294, de 06 de decembro de 2018. Referencia: BOE-A-2018-16673. Dispoñible en: <https://www.boe.es/buscar/pdf/2018/BOE-A-2018-16673-consolidado.pdf>

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre vs procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publicar información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, ou seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.


- **No informe de renovación da acreditación reconécese o esforzo realizado na publicación de información“**
- **No curso académico 2021-2022 a USC continuou coas melloras na publicación e no acceso a información.**

Sirvan como exemplo:


- Estrutura da páxina web: A Universidade de Santiago modificou a estrutura da páxina web, a distribución de contidos, etc. Por outra banda, existe una información de acceso xeral e outro na intranet.
- A información sobre o Máster de Atención Sanitaria, Xestión e Cuidados está dispoñible na oferta de titulacións sa USC e na páxina web da Facultade de Enfermería.
- Nas distintas seccións da páxina web da Facultade pódese encontrar información sobre o título, os indicadores de calidade do mesmo, etc.
- Ademais contase con intranet con información estruturada sobre o Centro, entra que se inclúe a información académica, etc.
- A información publicada nos distintos niveis está permanentemente actualizada e é obxectiva e coherente co contido da memoria, que se atopa, igualmente publicada no apartado de información do título.
- Nos procedementos que así o esixen publicase información no/o tableiro/s web ou da propia Facultade.

-web propia no que se desenvolverían aspectos máis concretos e divulgativos do título. Nestes momentos está a desenvolverse a creación desta web propia que estará enlazada desde a web da Facultade (Continuidade acción de mellora).

-Na Figura 3 recollense os principais niveis de información.



(A) Na páxina xeral da Universidade www.usc.es desde a cal os estudantes e os demais grupos de interese poden acceder á información de calquera título de máster oficial. Especificamente inclúense os seguintes apartados Información do título, Obxectivos, Competencias e saídas profesionais, Plan de Estudos, Oferta e Admisión e Outra información (TFM, Plan de Acción Titorial e programa de acollida, Prácticas en Empresas, Mobilidade, Normas de permanencia, Normas de Avaliación e Resultados).



(B) publicado na páxina web da Facultade de Enfermería no que se recollen os vínculos á información dos títulos publicada na páxina xeral da Universidade, e publica outra información relevante como pode ser a relativa ao Traballo Fin de Máster (liñas de investigación, etc.), as Prácticas externas, etc. En particular, na web da Facultade de Enfermería cóntanse cun “taboleiro” e sección de “Novidades” nos que se mantén actualizada a información. A través da existencia dos niveis de información garántese un fácil acceso á información do título, a todos os grupos de interese.

Figura 3. Niveis de información.

B) Publicase información suficiente e relevante sobre os resultados alcanzados:

-Están Publicados na páxina web da **Facultade de Enfermería** os resultados alcanzados dende ou curso 2015-2016 ata o curso 2020-2021: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-enfermaria/calidade/indicadores>

-Ademais están publicados, conxuntamente con outros indicadores, na páxina web da **Área de Calidade e Mellora dos Procedementos**:

<https://www.usc.gal/es/institucional/gobierno/area/calidade/docencia/segtit>

-A **Área de Calidade e Mellora dos Procedementos** ten una aplicación informática na que as persoas autorizadas poden consultar, exportar, etc., indicadores de resultado ou acceder e exportar documentos, normas, etc. De este xeito **facilitase en gran medida a labor dos/as coordinadores/as de máster, responsables de calidade de centro, etc.** para interpretar e divulgar os resultados alcanzados.

- Ademais a **Área de Calidade** publica o “Informe de calidade ao consello de goberno e ao Consello social”. Pode consultarse o correspondente ao curso académico

